

# INFORMACIÓN BÁSICA PARA AS FAMILIAS SOBRE A MATERIA MATEMÁTICAS 1º ESO

---

## Plan de reforzo e recuperación

---

Vinte e seis dos trinta alumnos escolarizados en 1º ESO cursaron 6º EP no CPI de Vedra e traballaron todos os estándares imprescindibles agás os de estatística e ademais poden ter menos afianzados os de xeometría porque o estudaron dende a casa.

Coñecido isto, decidimos continuar coa temporalización que mantiñamos outros anos. O plan de reforzo e recuperación que se propón consiste en:

- Todos os estándares de aprendizaxe de 6º E.P. aparecen en 1º ESO polo que xa en situacións normais se ían repasar.
- Empezaremos sempre no nivel máis sinxelo posible e aumentaremos paso a paso a dificultade ata chegar ao nivel previsto.
- Non cremos que vaian ter dificultade en estatística porque son estándares moi fáciles de adquirir. Ademais quédanlles varios anos de escolarización.
- O estudo de xeometría será similar ao doutros anos a pesares de que o último curso o estudaran dende os seus fogares.

## Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia

---

### Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas

Expresa verbalmente e de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, e contexto do problema)

Recoñece a importancia dos datos dados nun problema.

Realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados dos problemas para resolver, valorando se poden ser correctas.

Razona para resolver problemas e reflexiona sobre o proceso que está seguindo.

Recoñece situacións que compren as leis xerais que pode utilizar para resolver o problema ou cuestión (p. ex. ternas pitagóricas, segmentos en posición de Tales ou aplicación da proporcionalidade directa).

Utiliza as leis matemáticas estudadas para valorar a idoneidade dos resultados obtidos.

Afonda nos problemas logo de resolvelos, analizando a coherencia da solución.

Resolve novos problemas a partir dun resolto variando os datos e propondo novas preguntas.

Expón e argumenta verbalmente ou mostra resumidamente e de xeito escrito o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas.

Identifica situacións da realidade que sexan exemplos de problemas traballados.

Relaciona problemas do mundo real co mundo matemático e elixe correctamente os métodos de resolución estudados.

Usa modelos matemáticos sinxelos que permitan a resolución dun problema ou duns problemas dentro do campo das matemáticas.

Interpreta a solución matemática do problema no contexto da realidade.

Realiza análises críticas e predicións, en contextos reais, sobre a adecuación dos modelos matemáticos que se poden utilizar.

Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución dun problema real. escoita e analiza razoadamente as opinións dos/as compañeiros/as.

Desenvolve actitudes axeitadas para o traballo en matemáticas (esforzo e perseveranza).

Ten interese e traballa con esmero e precisión.

Distingue entre problemas e exercicios.

Amosa curiosidade e indaga tanto no estudo de conceptos matemáticos como na resolución de problemas.

Desenvolve habilidades sociais de cooperación.

Toma decisións nos procesos de resolución de problemas, valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos para poder reutilizalos en situacións futuras similares.

Selecciona ferramentas tecnolóxicas axeitadas e utilízalas para a realización de cálculos numéricos, alxébricos ou estatísticos, cando a dificultade destes impida ou non aconselle facelos manualmente.

Utiliza medios tecnolóxicos para facer representacións gráficas de funcións con expresións alxébricas e extraer información cualitativa e cuantitativa sobre elas.

Deseña representacións gráficas para explicar o proceso seguido na solución de problemas.

Recrea ámbitos e obxectos xeométricos con ferramentas tecnolóxicas interactivas para amosar, analizar e comprender propiedades xeométricas.

Utiliza medios tecnolóxicos para facer algunhas representacións gráficas estatísticas, extraendo información sobre elas.

Elabora documentos dixitais propios (texto, imaxe e presentación) como afondamento dalgún tema tratado.

Utiliza os recursos creados para entender e explicar aos/ás compañeiros/as os contidos traballados.

Usa axeitadamente as actividades de páxinas web recomendadas para mellorar e avaliar o seu proceso de aprendizaxe, analizando puntos fortes e débiles do seu proceso educativo e establecendo pautas de mellora.

Emprega ferramentas tecnolóxicas para recibir e enviar información.

## Bloque 2. Números e álgebra

Identifica os tipos de números (naturais, enteiros, fraccionarios e decimais) e utilízalos para representar, ordenar e interpretar axeitadamente a información cuantitativa.

Calcula o valor de expresións numéricas de números naturais, enteiros, decimais e fraccionarios mediante as operacións elementais e as potencias de expoñente natural e certas raíces cadradas exactas, aplicando correctamente a xerarquía das operacións.

Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural.

Entende o concepto de raíz cadrada e coñece o valor da raíz cadrada exacta que ten como resultado os dezaseis primeiros números naturais sos ou seguidos dunha cantidade par de ceros.

Coñece e realiza correctamente cambios entre as unidades do Sistema Métrico Decimal.

Utiliza a fracción como operador.

Emprega axeitadamente os tipos de números naturais, enteiros, decimais e fraccionarios e as súas operacións, para resolver problemas cotiáns que se resolvan como máximo con tres procesos.

Emprega axeitadamente os números enteiros e as súas operacións para resolver problemas cotiáns que precisen como máximo de tres operacións.

Entende os conceptos de “divisor de”, “múltiplo de”, “divisible por” e aplícalos para resolver problemas.

Aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 10 e 100 para descompoñer en factores primos números naturais, e emprégalos en exercicios, e problemas.

Identifica e calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo de dous ou máis números naturais. En números pequenos pode calculalo mediante a definición e en números grandes mediante o algoritmo axeitado, e aplícao en problemas contextualizados.

Realiza cálculos nos que interveñen potencias de expoñente natural.

Calcula e interpreta adecuadamente o oposto e o valor absoluto dun número enteiro.

Aproxima, ás unidades indicadas, números decimais por redondeo.

Sabe pasar de fracción a decimal e de decimais exactos a fraccións. Utilízao para comparar fraccións.

Calcula fraccións equivalentes a unha dada e, en concreto, a fracción irredutible.

Recoñece se dúas fraccións son equivalentes.

Sabe escribir números moi grandes en notación abreviada usando unha potencia de 10 e sabe facer o contrario.

Realiza operacións combinadas entre números enteiros, decimais e fraccionarios, con eficacia, mediante o cálculo mental ou algoritmos de lapis e papel elixindo estes segundo a dificultade do cálculo. Non se esixirá resolver operacións con parénteses dentro de corchetes. Entrega o resultado na notación máis adecuada.

Ten interese en realizar cálculos mentais de xeito exacto ou para obter aproximacións segundo a dificultade da operación.

Elixo a forma máis axeitada (mental, escrita ou con calculadora), coherente e precisa de realizar cálculos con números naturais, enteiros, fraccionarios e decimais,.

Identifica as magnitudes directamente proporcionais e as inversamente proporcionais.

Utiliza a regra de tres ou a redución á unidade ou o cálculo mental para resolver problemas nos que interveñan dúas magnitudes directa ou inversamente proporcionais.

Calcula porcentaxes e resolve problemas de porcentaxes nos que hai que calcular o tanto por cento, a cantidade inicial ou final.

Escribe en linguaxe alxébrica expresións moi sinxelas, por exemplo dobre dun número descoñecido, outro número descoñecido aumentado en tres unidades, etc.

Suma, resta e multiplica monomios dunha incógnita.

Expresa en linguaxe alxébrica propiedades sinxelas.

Comproba, dada unha ecuación sinxela, se un número enteiro é solución desta.

Resolve ecuacións de primeiro grao con parénteses e denominadores sinxelos.

Prantexa problemas sinxelos da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro grao.

Prantexa problemas sinxelos da vida cotiá mediante ecuacións de primeiro grao.

### Bloque 3. Xeometría

Recoñece os ángulos interiores, diagonais e simetrías nos polígonos regulares.

Suma e resta ángulos. Multiplica e divide ángulos por un número.

Clasifica correctamente os triángulos, atendendo tanto aos seus lados como aos seus ángulos.

Coñece e utiliza o teorema de Pitágoras.

Clasifica correctamente os cuadriláteros e, en concreto, os paralelogramos, atendendo ao paralelismo dos lados opostos. Coñece as relacións de igualdade que hai entre os seus ángulos, lados e diagonais. En paralelogramos é capaz de calcular o valor dun ángulo coñecendo o de outro contiguo.

Identifica as propiedades xeométricas que caracterizan os puntos da circunferencia e o círculo.

Calcula os perímetros e as áreas dos polígonos máis comúns e resolve problemas xeométricos sinxelos relacionados con estes conceptos.

Utiliza o teorema de Pitágoras para calcular un dato necesario para coñecer o perímetro ou área-

Calcula a lonxitude da circunferencia, a área do círculo e resolve problemas xeométricos sinxelos relacionados con estes conceptos.

Identifica e nomea as arestas, caras e vértices dos copos xeométricos. Distingue entre bases e caras laterais e recoñece as súas formas no plano.

Identifica a figura plana resultante do corte dun plano cun corpo xeométrico.

Identifica os corpos xeométricos máis comúns (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) no espazo e nos seus desenvolvementos planos.

Calcula a área e o volume dun ortoedro.

### Bloque 4. Funcións

Localiza puntos no plano a partir das súas coordenadas e nomea puntos do plano escribindo as súas coordenadas.

Manexa as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación, pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto). Esixese só para funcións lineais ou definidas a anacos sendo os anacos funcións lineais.

Recoñece se unha gráfica representa ou non unha función.

Recoñece e representa unha función lineal a partir dunha táboa de valores. Sabe construír unha táboa de valores a partir dunha ecuación ou gráfica.

Obtén a ecuación dunha recta a partir da gráfica ou táboa de valores.

Escrebe a ecuación correspondente á relación lineal existente entre dúas magnitudes e represéntaa.

Identifica a función lineal ou afín subxacente a un sinxelo problema real. Úsaa para realizar estimacións ou perdicións sobre os valores que acada.

### Bloque 5. Estatística e probabilidade

Comprende o significado de poboación, mostra e individuo desde o punto de vista da estatística, entende que as mostrás se empregan para obter información da poboación cando son representativas, e aplícaos a casos concretos.

Recoñece e propón exemplos de distintos tipos de variables estatísticas, tanto cualitativas como cuantitativas.

Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente.

Calcula a media aritmética, a mediana e a moda en variables estatísticas cuantitativas discretas e emprégaos para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis axeitado, e para resolver problemas.

Interpreta gráficos estatísticos sinxelos.

Emprega a calculadora e programas como o Excel ou as súas versións libres para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central.

Usa programas como o Excel ou as súas versións libres para mostrar de xeito sinxelo información sobre unha variable estatística.

Diferenza os experimentos aleatorios dos deterministas.

Calcula a frecuencia relativa dun suceso sinxelo nun experimento sinxelo.

Realiza predicións sobre os resultados dun experimento aleatorio utilizando a probabilidade dos seus sucesos.

Identifica e enumera os posibles resultados dun experimento aleatorio sinxelo.

Distingue entre sucesos elementais equiprobables e non equiprobables.

Calcula a probabilidade de sucesos asociados a experimentos sinxelos mediante a regra de Laplace, e exprésaa en forma de fracción.

## Temporalización

<i>Trimestre</i>	<i>Bloques</i>	<i>Unidades</i>
1º	1. NÚMEROS	Unidade 1: Números naturais.
		Unidade 2: Potencias e raíces
		Unidade 3: Divisibilidade
		Unidade 4: Números enteiros.
		Unidade 5: Números decimais
		Unidade 6: Sistema métrico decimal
2º	1. NÚMEROS	Unidade 7. Fraccións

	2. ÁLXEBRA	Unidade 8: Operacións con fraccións
		Unidade 9: Magnitudes proporcionais. Porcentaxes
		Unidade 10: Introducción á álgebra. Ecuacións
3º	3. XEOMETRÍA	Unidade 11: Rectas e ángulos
		Unidade 12: Figuras xeométricas
		Unidade 13: Áreas e perímetros
	4. FUNCIONES	Unidade 14: Funcións, táboas e gráficas
	5. ESTATÍSTICA PROBABILIDADE	Unidade 15: Estatística e probabilidade

## Materias e recursos para unha educación non presencial

---

- Toda a información e tarefas intercambiaranse a través da plataforma Edixgal. **Polo tanto as/os alumnos/as teñen a obriga de conectarse diariamente á plataforma <https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php> co nome de usuario proporcionado polo centro e co contrasinal propio.**
- De non lembrar o anterior enderezo web poderán entrar en Edixgal a través da aula virtual do centro.
- Nesa plataforma Edixgal aparecerán apuntes, exemplos, exercicios interactivos, enlaces a vídeos de youtube e páxinas web explicando contidos matemáticos, boletíns e cuestionarios online.
- En 1º ESO tamén usarán libros de texto que lles prestará gratuitamente o centro.
- **Dentro de Edixgal aparecerán as tarefas que deben realizar obrigatoriamente.** Poden estar postas para un día ou para un grupo de días e terán unha data de entrega. Haberá tarefas para facer no ordenador e outras no caderno de traballo.
- Das tarefas feitas no caderno as/os alumnos obrigatoriamente deben quitar fotografías e cargalas dentro da plataforma para entregalas na data solicitada. Publicarase nesta materia un titorial para aprender a entregar as fotografías por Edixgal.
- Tamén usaremos material que se encontra na aula virtual do centro. Esta opción usarase en contadas ocasións, avisaráselles previamente polas outras plataformas e deben acceder por <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpivedra/aulavirtual/> co correo electrónico cpivedra.com e coa contrasinal propia.
- O caderno de cada alumno, especialmente para o repaso.
- Profesora e alumnos/as comunicaremos a través de Edixgal e do correo electrónico do dominio cpivedra.com.
- Profesora e nais/pais comunicaremos a través de Abalar.
- Por fin, usaremos servizos Webex Cisco e Google Meet para realizar as videoconferencias con explicacións ou exames (os exames serán gravados).

## Procedemento de avaliación

---

O proceso de avaliación constará das catro fases que se indican a continuación:

### **Unha avaliación inicial.**

**Tres avaliacións parciais**, para determinar en que medida se van alcanzando os obxectivos correspondentes a esa avaliación, en que medida se van acadando as competencias básicas e, en último caso, para decidir se o alumnado **supera ou non supera os mínimos esixibles dos estándares de aprendizaxe** correspondentes a esa avaliación e que logo se concretarán para cada curso. E todo iso, empregando os instrumentos de avaliación referidos no apartado anterior.

**Unha avaliación final ordinaria en xuño** que medirá o nivel de consecución dos obxectivos inicialmente marcados e de desenvolvemento das competencias claves ao longo do curso.

E **unha avaliación extraordinaria en setembro**, a medio dunha proba escrita, para o alumnado que non superase a materia na avaliación final ordinaria de xuño.

Ao comezo da segunda avaliación e da terceira avaliación, o/a profesor/a poderá ofertar a realización dunha **recuperación** para as/os alumnas/os que non superaron a avaliación e para os que desexen mellorar a súa nota. Unha vez coñecidos os resultados destas recuperacións estableceranse as cualificacións definitivas de cada avaliación parcial. Se un alumno copia nunha destas recuperacións terá a avaliación suspensa. Estas recuperacións en caso de **non poder asistir ao centro faranse por videoconferencia (Google Meet ou Webex)**.

Unha vez chegado **o final de curso**, aqueles alumnos que teñan **suspensas dúas partes como máximo** ou que desexen subir nota de como máximo dúas avaliacións poden realizar probas de recuperación destas partes. O departamento comprométese á realización dunha **recuperación final** para o alumnado que teña unha ou dúas avaliacións suspensas. Se un alumno copia na recuperación final estará suspenso e deberá asistir a setembro. Se a situación polo coronavirus non permite asistir ao centro faranse por videoconferencia.

Convén aclarar en primeiro lugar que, na materia de Matemáticas, o dominio dunha parte do programa non implica que se domine toda a anterior. En consecuencia, a superación dunha avaliación non supón a superación de todas as anteriores e, en particular, **a nota final pode ser inferior á nota da terceira avaliación**.

A **nota final** será a **media aritmética das notas das tres avaliacións parciais** (ou de ser o caso, das recuperacións feitas) redondeada a un número natural. Considerarase que un alumno **aproba** a materia **cando a nota final é igual ou maior que 5**.

De cara a aqueles alumnos e alumnas que non alcanzaron o aprobado en xuño, o Departamento organizará unha **proba escrita extraordinaria en setembro (a mesma para tódolos grupos)**. Para superar con éxito esta avaliación terase en conta, unicamente, a nota da proba. Se un alumno copia nesta proba estará suspenso.

## **Cualificación e promoción con clases presenciais nun trimestre**

- Os **traballos escritos, TE**,
  - Suporán o **5%** da nota. Inclúen realización de exercicios no caderno ou soporte tecnolóxico. Está posto para controlar a realización de tarefas na casa e de traballos. Tomarase anotacións no caderno de notas do profesor/a. O control de tarefas cotiás farase frecuentemente e ao azar pedindo a un número reducido de alumnos/as estas tarefas.
  - Os traballos nos que se detecte que foron copiados terán un 0 de cualificación e non contarán como realizados.



- Como consideramos que é a obriga do noso alumnado facer as tarefas todos os días puntuará do seguinte xeito:
  - Entrega os traballo menos do 25% das veces: 0 puntos.
  - Entrega os traballos entre o 25% e o 75% das veces: A metade da frecuencia relativa dos traballos entregados respecto ao total solicitado multiplicada pola puntuación máxima.
  - Entrega os traballos máis do 75%: A frecuencia relativa dos traballos entregados respecto ao total solicitado multiplicada pola puntuación máxima.
  - Por **entregar un traballo** entendemos entregalo en prazo (incluída a hora posta) polo medio esixido, feito polo/a alumno/a, non copiado, completo, con todos os pasos, respondendo a todas as cuestións, cunha presentación correcta e denotando un esforzo e tempo dedicado suficiente. Non pedimos nin valoramos a maiores que vaia correcto. En clases presenciais, debe ser capaz de explicar o proceso e cálculos que fixo. Noutro caso non puntuará.
  
- A **observación na clase, OBS,**
  - Constituirá o **5%**. Cualificarase o traballo diario escrito e oral na clase e a participación e interese do alumnado.
  
- As **probos escritas, PE,** realizadas durante cada avaliación
  - Suporán o **90%** da cualificación.
  - Faranse **como mínimo dúas probas escritas en cada avaliación agás que unha situación de confinamento o impida. A nota global saíra da media aritmética das probas escritas** (podendo ser media ponderada con coeficientes de ponderación proporcionais ao número de temas incluídos). Sen embargo na segunda e/ou seguintes probas escritas ou en probas separadas poderán volverse a avaliar contidos non superados para que a/o alumna/o teña a opción de superar a avaliación ata o final desta. Non será posible facelo na última proba por falta de tempo para que a/o alumna/o poida volver a estudar a materia.
  - Non se admiten exames a lapis.
  - Se un alumno copia nunha proba, terá un 0 nesa proba.
  
- Do número que resulte de sumar os resultados dos puntos anteriores **farase a aproximación por redondeo. Se o resultado é igual ou superior a 5, o/a alumno superara a avaliación.** En caso contrario, non a superara.

## Cualificación e avaliación en situación de docencia semipresencial nun trimestre

- ❖ **Se nun trimestre con docencia semipresencial non temos probas escritas realizadas presencialmente pasaremos a avaliar como indica o apartado de docencia non presencial para o caso de non ter probas escritas e para o nivel correspondente.** As anotacións de TE feitas na clase contaranse no apartado de TCLD, traballos casa longa duración (ver máis adiante).
  
- ❖ **Se nun trimestre con docencia semipresencial temos probas escritas realizadas presencialmente obteremos dúas notas:**
  - **NP, nota da etapa presencial ata a data do último exame feito, obtida da seguinte fórmula:**



$$5\% \cdot TE + 5\% \cdot OBS + 90\% \cdot PE$$

- **ND, nota da etapa da educación a distancia** (incluídas as sesións presenciais despois do último exame feito), obtida como indique o apartado de docencia non presencial, distinguindo entre os supostos de poder facer exame presencialmente e de non poder facelos e o nivel correspondente. As anotacións de TE feitas na clase contaránse no apartado de TCLD, traballos casa longa duración (ver máis adiante).
- **A media aritmética ponderada segundo o número de días presenciais e non presenciais é o resultado do trimestre.** Redondearíase a un número natural e sería a nota que se poría no boletín. Resultaría desta fórmula:

$$( \text{Sesións presenciais examinadas} \cdot NP + \text{Resto das sesións} \cdot ND ) / \text{Sesións do trimestre}$$

- TE, OBS e PE significan o mesmo que en docencia presencial e cualifícanse co mesmo nivel de esixencia.

## Cualificación e avaliación en situación de docencia non presencial nun trimestre

❖ É o peor escenario. **Se puideramos asistir ao centro para facer probas escritas**, a nota de cada avaliación obteríase como **ND = 70% PE + TCLD**, traballo na casa longa duración.

- **PE sería a nota da proba escrita ou a media das probas escritas feitas. Suporía o 70% da nota e podería haber recuperacións.** As probas nas que un alumno copie puntúan como 0 e non haberá recuperacións extra.
- **TCLD refírese a entrega de traballos feitos na casa e entregados de xeito telemático. Oscila entre – 3 e + 3** e obtense así (subxace a idea de que é obriga do noso alumnado traballar todos os días):
  - Entrega os traballo menos do 25% das veces solicitadas: restaríamos 3 puntos.
  - Entrega os traballo entre o 25% e o 50% das veces: restaríamos 3/200 da porcentaxe das veces que non fai os traballos.

*Exemplo: Un alumno fai o 40% dos traballos pedidos. Restaríamos  $\frac{3}{200}$  de 60% =  $\frac{3 \cdot 60}{200} = 0,9$*

- Entrega os traballos máis do 50% das veces: sumaríamos 3/100 da porcentaxe das veces que fai os traballos e non restaríamos nada.

*Exemplo: Un alumno fai o 70% dos traballos pedidos. Sumaríamos  $\frac{3}{100}$  de 70% =  $\frac{3 \cdot 70}{100} = 2,1$*

- Por **entregar un traballo** entendemos entregalo en prazo (incluída a hora posta) polo medio esixido, feito polo/a alumno/a, non copiado, completo, con todos os pasos, respondendo a todas as cuestións, cunha presentación correcta e denotando un esforzo e tempo dedicado suficiente. Non pedimos que vaia correcto para que o alumnado non se sinta preocupado a copiar ou pedir axuda externa.

- **ND = 70% PE + TCLD sería a nota da etapa non presencial.** Faríase o redondeo e sería a nota que se poría no boletín.
- **Se non puideramos asistir ao centro para facer probas escritas, a nota de cada avaliación obteríase como só TCLD, traballo na casa longa duración. TCLD oscilaría agora entre 0 e 10 e obtense así (subxace a idea de que é obriga do noso alumnado traballar todos os días):**
  - Entrega os traballo menos do 25% das veces solicitadas: TCLD 0 puntos.
  - Entrega os traballo entre o 25% e o 75% das veces: TCLD é igual a dous trintavos da porcentaxe das veces que fixo os traballos. (Ou sexa para aprobar ten que entregar os traballos o 67,5% das veces).

*Exemplo: Un alumno fai o 40% dos traballos pedidos.  $TCLD = \frac{2}{30}$  de 40% =  $\frac{2 \cdot 40}{30} = 2,7$ . No boletín aparecería un 3.*
  - Entrega os traballos máis do 75% das veces: TCLD é igual á décima parte da porcentaxe de veces que realiza os traballos.

*Exemplo: Un alumno fai o 80% dos traballos pedidos.  $TCLD = \frac{1}{10}$  de 80% =  $\frac{80}{10} = 8$*
  - Por entregar un traballo entendemos entregalo en prazo (incluída a hora posta) polo medio esixido, feito polo/a alumno/a, non copiado, completo, con todos os pasos, respondendo a todas as cuestións, cunha presentación correcta e denotando un esforzo e tempo dedicado suficiente. Non pedimos que vaia correcto. Se un alumno copia nun traballo, este puntúa como 0.
- **TCLD sería a nota desta etapa non presencial, o que noutros apartados se chamou ND.** Faríase o redondeo e o resultado sería a nota que se poría no boletín.